



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia , a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCIÓN á Proposición Non de Lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia “Sobre o Expediente de Regulación de Emprego presentado pola empresa Sykes para despedir douscentos setenta e oito traballadores dos seus centros da Coruña e Lugo.” (08/PNC-0606(24994)).

Emenda de substitución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Revisar o E.R.E presentado pola empresa Sykes do xeito mais rigoroso, dentro do estricto cumprimento da normativa vixente, priorizando na súa resolución a defensa dos intereses dos traballadores/as e o mantemento do emprego.
- 2.- Demandar da Axencia Española de Protección de Datos a que revise, con especial celo, o cumprimento da normativa vixente en materia de transferencia internacional de datos a estados que non proporcionen un nivel adecuado de protección, velando polo seu cumprimento e revisando que, en todos os casos, se cumpran as condicións establecidas na normativa vixente.
3. Continuar adoptando medidas efectivas contra os procesos de deslocalización empresarial que persigan como obxectivo principal o mantemento do emprego nomeadamente no sector do telemarketing.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2010



*Grupo Parlamentario
Popular de Galicia*



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2010 17:11
Nº Rexistro: 28161
Data envío: 11/03/2010 17:11:45.925

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 11/03/2010 16:29:06



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 6ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **José Tomé Roca**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre o expediente de Regulación de Emprego presentado pola empresa *Sykes* para despedir douscentos setenta e oito traballadores dos seus centros da Coruña e Lugo (doc. núm. 24994), que se debaterá na sesión da Comisión 6ª do día 12 de marzo de 2010.

Emenda de modificación

O punto 2º) da resolución débese substituír polo seguinte:

“2.º) Demandar do Goberno español que garanta mediante os convenios internacionais pertinentes, a protección dos datos persoais de cidadáns do Estado español que poidan ser usados polas empresas de telemarketing.”

Emenda de adición

Adición dun novo punto 3º) bis


“3º) bis. Que se a pesar de non autorizar o ERE a empresa segue adiante cos despedimentos nos centros de traballo da Coruña e Lugo ou se deslocaliza, que se esixa a devolución das axudas que recibise da Administración da Xunta de Galicia ou de calquera dos seus organismos.”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

..... **José Tomé Roca na data 11/03/2010 17:29:49**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/03/2010 17:29:54

.....



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 6ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, sobre a actuación do Goberno galego respecto do acordo do Consello de Ministros do 13 de novembro de 2009, polo que se establece a priorización do rexistro administrativo de preasignación de retribución para as instalacións de produción de enerxía eléctrica segundo o Real Decreto 6/2009, do 30 de abril (08/PNC-0539, doc. núm. 21381).

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:


1. Axilizar o máis posible os procedementos de autorización administrativa das instalacións eólicas, para minimizar os posibles efectos negativos que o retraso na autorización poida ter á hora de inscribirse no rexistro de preasignación de retribución para as instalacións de produción de enerxía eléctrica.
2. Que negocie co Goberno de España mecanismos que permitan atenuar os posibles efectos do rexistro de preasignación de retribución para as instalacións de produción de enerxía eléctrica.”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2010

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia




 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

.....
Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/03/2010 17:43:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/03/2010 17:43:51



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** por iniciativa do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e ao abeiro do disposto no artigo **161.2** do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **Emenda de Modificación á Proposición non de lei na Comisión 6ª (Industria, Enerxía, Comercio e Turismo)** número de rexistro **21839**, do **Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia**.

Emenda de Modificación

Débase engadír á parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte

Despois do punto 2.- engadir o seguinte texto:

“Para dar cumprido o exposto anteriormente, o Goberno Galego dirixirase ao Goberno do Estado para que, en cumprimento das súas competencias, transfira unha dotación económica suficiente para eliminar as desigualdades xeradas.

Despois do punto 3.- engadir o seguinte texto:

“... Para esta baremación e tramitación o Goberno Galego contara cos concellos afectados”.


Santiago de Compostela, 7 de Marzo de 2010

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 11/03/2010 18:27:53

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 11/03/2010 18:27:58